


Centro Público Integrado
CASTRO BAXOI



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAP. III - DOCUMENTO 5

**“PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIAS E
EXTRAESCOLARES”.**

CURSO ESCOLAR 2022-23

1. XUSTIFICACIÓN.

A formación do alumnado abarca múltiples facetas, pero existen aspectos nos que é difícil afondar e complementan necesariamente o currículo escolar. É necesario, polo tanto, contar cunha oferta de actividades complementarias e paralelas ao currículo que colaboran na formación do alumnado. O noso alumnado necesita experimentar noutros contextos e saír ao entorno como un valioso complemento da súa educación.

Este curso escolar xa non temos restricións pola pandemia por COVID, polo que podemos retomar con normalidade as saídas e actividades complementarias coordinadas polo Equipo de Biblioteca, o EDLG e o Equipo de Complementarias e Extraescolares.

No curso escolar 2022-23 o fío condutor das actividades propostas nas distintas conmemoracións e temática do proxecto anual do centro é: **Os océanos.**

A programación abrangue ademais as conmemoracións marcadas nas instrucións da *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

2. OBXECTIVOS.

- Programar actividades relacionadas coas conmemoracións anuais para realizar nas aulas, favorecendo as tarefas que integren e desenvolvan os temas transversais que, a pesar de estar presentes en todas as materias, atopan nestas un marco máis oportuno, completando os coñecementos teóricos con experiencias prácticas e manifestacións mais lúdicas.
- Impulsar a preocupación do alumnado polo entorno, tanto no que se refire a conservación e mellora do medio ambiente, como o respecto polo patrimonio cultural.
- Programar obradoiros relacionados co traballo que se está a realizar nas distintas aulas e favorecer a realización de actividades que integren ou que desenvolvan os temas transversais.
- Promover actividades de cooperación adaptadas á situación deste ano escolar entre os membros de cada grupo e entre clases, desenvolvendo actitudes solidarias, tolerantes e sen discriminación de sexos, capacidades, culturas,...para que exerzan un efecto motivador e o interese por afondar ou investigar en distintos temas.

- Desenvolver o espírito crítico e fomentar o interese do alumnado por todo o que forma o noso mundo, de tal maneira que non se perciba o ámbito escolar como algo alleo e distante da propia vida.
- Completar os coñecementos adquiridos na aula con experiencias prácticas e manifestacións reais e cotiás de ditos coñecementos.
- Crear material didáctico variado en distintos formatos.
- Difundir no entorno as actividades realizadas, empregando os diferentes blogs e outras canles, así como na páxina web do Centro.

3. CRITERIOS DE ELECCIÓN DE ACTIVIDADES E ORGANIZACIÓN DAS MESMAS.

- ✓ O equipo docente determinará as actividades complementarias e extraescolares que organizarán para os seus grupos durante este curso. Dita organización, terá que ter presente as saídas que se fixeron cursos pasados para non repetir sempre as mesmas.
- ✓ Ao inicio de curso, facilitarase unha lista de lugares de interese que se fará coas aportacións dos diferentes ciclos e departamentos. Tamén enviaremos as saídas feitas en cursos anteriores de cada clase.
- ✓ Todas as clases deberán ter como mínimo unha saída que implique desprazamento en autobús.
- ✓ Os ciclos, equipos ou departamentos son os encargados de concertar a actividade, o día na que se vai a realizar, indicarán o número de profesores acompañantes que precisen, o número de alumnos e o prezo, se fora o caso, da actividade. Polo tanto deberán facerse cargo de concertar a visita ou actividade coa entidade correspondente.
- ✓ Unha vez recibida a información de todos os ciclos, equipos e departamentos, a coordinadora de AA.CC.EE. elaborará a programación para todo o colexio para este curso e dende o equipo pedirase o presuposto do transporte para a realización das mesmas.
- ✓ Cada profesor xestionará os cartos da actividade, terá que calcular o custo, informar ás familias e recoller os cartos. Dende dirección ou a equipa de AA.EE.CC, informaremos dos prezos das viaxes en autobús cando teñamos a información para que telo en conta.
- ✓ Para intentar evitar desigualdades entre cursos e garantir o acceso de todo o alumnado ás actividades, haberá un tope de 25 euros por curso.
- ✓ Hai que ter en conta que o centro farase cargo dun desprazamento en autobús para cada curso. Procurarase que a última saída do curso sexa algo mais especial.

- ✓ Na etapa de infantil e primaria, a mestra de música realizará unha actividade con cada clase que precisará autobús polo que contade con iso para o presuposto.
- ✓ Ao inicio de curso, hai que informar ás familias da previsión económica para que poidan organizarse. Non teñen que facer un único pago, irán aportando os cartos cando vaian a ter lugar as saídas.
- ✓ Nas actividades que impliquen algún risco, no momento de concertalas hai que asegurarse que están cubertas por un seguro.
- ✓ Importante distribuír as actividades ao longo do curso. Intentar non deixar todas para o terceiro trimestre.

4. PROGRAMA DE CONMEMORACIÓNS

Atendendo a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, as datas de conmemoracións serían:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia (nas aulas).
- **25 de novembro de 2022**: Día Internacional contra a Violencia de Xénero (acto a nivel de centro con todas as etapas).
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2022: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia, (nas aulas).
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade (nas aulas).
- 10 de decembro de 2022: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (nas aulas).
- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación (nas aulas).
- **30 de xaneiro de 2023**: Día Escolar da non Violencia e da Paz (acto a nivel de centro).
- **24 de febreiro de 2023**: Día de Rosalía de Castro (participación en diversas actividades organizadas polo EDLG).
- **8 de marzo de 2023**: Día Internacional da Muller (acto a nivel de centro).
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (nas aulas).
- Do 7 ao 11 de marzo de 2023: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais (nas aulas).
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde (nas aulas).
- **Entre o 18 e o 22 de abril de 2023**: Semana do Libro (actividades organizadas polo equipo de Biblioteca).
- **2 de maio de 2023**: Día Internacional contra o Acoso Escolar (actividades a nivel de centro).
- 9 de maio de 2023: Día de Europa (nas aulas).

- **Do 16 ao 20 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas** (actividades a nivel de centro organizadas polo EDLG). Tamén celebración dos MAIOS.
- **5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente** (nas aulas).

Ademais das datas anteriormente indicadas, organizaremos actividades nas seguintes datas:

- **28 de outubro:** Celebración do magosto e do Samaín. Proxección de curtas de medo na biblioteca. Posibilidade de vir disfrazados. Xornada de xogos tradicionais con castañas. Degustación de castañas asadas.
- **11 de novembro:** Día do peón.
- **Último día do trimestre:** Celebración do fin de ano. Reparto de caramelos. Celebración das 12 badaladas.
- **Entroido:** Desfile pola vila. En caso de que a meteoroloxía sexa desfavorable, o desfile será no pavillón.
- **Último día do 2º trimestre.** Xogos populares.
- **Ultimo día do 3º trimestre.** Romaría tradicional no centro coa invitación as familias.

5. DIFUSIÓN.

A exposición dos traballos e proxectos elaborados despois de cada actividade, farase no propio centro escolar e tamén a través dos medios dixitais, revista escolar, aula virtual, páxina web do centro escolar, blogues dos cursos...

Este ano coa finalidade de intentar ser mais accesibles ás familias, abrimos unha conta na rede social Instagram @cpi_castrobaxoi, na que iremos compartindo actividades e novas de interese do centro. En ningún caso haberá imaxes dos nenos e nenas nas que poidan resultar identificables.

6. PROGRAMA DE SAÍDAS E OBRADOIROS DOS DIFERENTES CURSOS.

A continuación o programa de saídas dos diferentes cursos, etapas e departamentos.

Indicar que poderían sufrir algunha variación suxeita á aparición de novas actividades de interese ao longo do curso ou a variación das condicións dalgunha actividade.

1º AVALIACIÓN.

CURSO /GRUPO	LUGAR	ACTIVIDADE	BÚS	DATA
4º, 5º, 6º INFANTIL	COMEDOR DO CENTRO	CONCERTO MIGALLAS	NON	2 DECEMBRO
1º E 2º EP.	CONTORNA	SAÍDAS POLA CONTORNA	NON	
3º EP	FRAGAS DO EUME		FAN FALTA 2 MINIBUSES	14-10-22
4º EP	MUSEO ETNOGRÁFICO A CAPELA		SI	13-10-22
5º EP	BETANZOS	VISITA A BETANZOS	SI	DECEMBRO
6ºEP	FERROL	Visita ao Museo de Historia Natural de Ferrol e a unha exposición sobre os océanos	SI	OUTUBRO
DEPARTAMENTOS				
FÍSICA QUÍMICA + TECNOLOXÍA	2 ESO A E B (61 alumnos)+3 profes	CORUÑA	MUNCYT	SI 7 DEC
STEM (MAT/TEC/FQ)	3 ESO (32) E 4 ESO (30)	CORUÑA	SEDE FUNDACIÓN ABANCA (CANTÓN)	SI 1 DEC
BIOLOXÍA / XEOLOXÍA	1ESO(A, B,C) 54 ALUMNOS	CORUÑA	VISITA CASA DOS PEIXES	SI
MÚSICA	Primaria+4º ESO	MIÑO	Auditorio de Miño	NON NOVEMBRO

2ª AVALIACIÓN.

CURSO /GRUPO	LUGAR	ACTIVIDADE	BÚS	DATA
4º, 5º, 6º INFANTIL	Palacio Ópera Coruña	Ópera de Caperucita Roja	SI	Abril
4º, 5º, 6º INFANTIL	SAÍDAS POLO CONCELLO		NON	
1º 2º PRIMARIA	CENTRO SOCIAL DA RÚA.	CONCERTO	NON	

1º 2º PRIMARIA	RESERVA DA BIOSFERA	Actividades educativas organizadas pola Reserva da biosfera da Mariñas.	SI	
3º PRIMARIA	CONCERTO	PENDENTE	SI	
4º PRIMARIA	CONCERTO	PENDENTE	SI	
5º EP	CONCERTO		SI	
6º EP	CONCERTO		SI	
DEPARTAMENTOS				
XEOGRAFÍA E HISTORIA	1º ESO A-B-C 54 alumnos		Xacementos arqueolóxicos na comarca de Barbanza	SI Marzo, Abril (luns)
	2º ESO A-B-C 62 alumnos	Santiago de Compostela	Catedral de Santiago e...	SI
	3º ESO 32 alumnos	Ferrol	Ferrol Industrial	SI Pendente
	4ª ESO 31 alumnos	Santiago de Compostela	Santiago. Catedral. Visita ao CGAC e Cidade da Cultura	SI Marzo, Abril
FRANCÉS	1º, 2º, 3º, 4º, 100 Alumnos		Cine/teatro	SI
BIOLOXÍA / XEOLOXÍA	1ESO(A, B,C) 54 ALUMNOS	CORUÑA	Observación de rochas, minerais, flora e fauna.	NON
MÚSICA	2º ESO A e B+4º ESO	CORUÑA	Palacio da ópera de Coruña	SI
MÚSICA	3º ESO A+4º ESO	CORUÑA	Palacio da ópera de Coruña	SI
ARTES PLÁSTICAS	4º ESO	CORUÑA	Visita Exposición 50 aniversario de Picasso e Museo BBAA. A Coruña	SI

3º TRIMESTRE.

CURSO /GRUPO	LUGAR	ACTIVIDADE	BÚS	DATA
4º, 5º, 6º INFANTIL	GRANXA BELELLE	VISITA GRANXA	SI	26 DE MAIO
4º, 5º, 6º INFANTIL	PRAIA RIBEIRA	SAÍDA. PRAIA	NON	ULTIMOS 15 DÍAS XUÑO DEPENDE DO TEMPO

4º, 5º, 6º INFANTIL	SAÍDAS POLO CONCELLO		NON		
1º 2º EP	PADERNE	GRANXA CAGIAO	SI		MAIO
1º 2º SAÍDAS POLA CONTORNA			NON		
3º PRIMARIA	SANTIAGO	PENDENTE	SI		
4º PRIMARIA	LUGO	MURALLAS	SI		
5º EP	XERMADE	VISITA A SOTAVENTO	SI		MAIO
5ºEP	VILARMAIOR	VISITA AO LABERINTO	SI		XUÑO
6ºEP	PADRÓN	VISITA AO PARQUE MULTIAVENTURAS	SI		XUÑO
DEPARTAMENTO DIDÁCTICO	CURSO /GRUPO	LUGAR	ACTIVIDADE	BÚS	DATA
FRANCÉS	1º, 2º, 3º, 4º		FRANCOFONÍA	SI	
FRANCÉS	4º		DELFF	SI	
MÚSICA	3º ESO A +4º ESO	CORUÑA	PALACIO DA ÓPERA CONCERTO	SI	
EDUCACIÓN FÍSICA	1º e 2º de ESO		SENDERISMO POLAS FRAGAS DO EUME E PADDLE SURF NO ENCORO DO EUME	SI	
EDUCACIÓN FÍSICA	2º e 3º ESO		SEMANA VERDE EN ASTURIAS	SI	
EDUCACIÓN FÍSICA	2º e 3º de ESO	Monfero	PARQUE DE AVENTURA EUMENATURA OU SIMILAR	SI	
EDUCACIÓN FÍSICA	2º e 3º da ESO	Valdoviño ou similar.	"APRENDE A TRAVES DEL SURFING	SI	
EDUCACIÓN FÍSICA	TODAS AS ETAPAS	PERBES	DÍA DA BICICLETA	SI	
ARTES PLÁSTICAS	1º ESO A, B e C.	Breamo-Centroña	Andaina monte Breamo e castro de Centroña-Perbes	NON	Final de curso

➤ Ademais das actividades anteriormente indicadas, levaranse a cabo diversos obradoiros que vaian xurdindo. Algúns deles serán:

- Participación no Plan Director da Garda Civil.
- Charlas a cargo da ANPA coa asociación ADAFAD asociación para tratar o tema do acoso e bulling.
- Obradoiro financiado polo Concello de Miño con temática relacionada coa Igualdade.
- Os docentes de Educación Física do noso centro organizarán charlas de diferentes deportes con clubs da zona.